

ACTA 2ª DE APERTURA DE PROPOSICIÓNS DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO DE: VIAXE CULTURAL PARA MAIORES A PRAGA 2019.

Asistentes:

Presidente: José Luis García García, alcalde.

Vogais:

- Javier Nieves González, secretario.
- Beatriz López de Castro García, interventora.
- María Victoria Varela Rodríguez, traballadora social.

Secretaria: Berta Rey Nieto, auxiliar administrativa municipal.

En Brión a 23 de maio de 2019, sendo as 9,30 horas se procede na Casa do Concello a apertura das proposicións presentadas optando ao procedemento aberto referenciado.

Téndose realizada a licitación mediante anuncio no perfil do contratante con data 03.05.2019 e rematando o prazo para presentación de ofertas o día 18.05.2019 inclusive, presentáronse as seguintes empresas que foron admitidas pola Mesa en sesión do 22.05.2019.

- 1) AVORIS RETAIL DIVISION SL.
- 2) VIAJES HALCON SAU.
- 3) NAUTALIA VIAJES SL.

O obxecto da sesión é proceder a apertura dos sobres núm. 2: Documentación relativa aos criterios cuxa valoración depende dun xuízo de valor.

Logo de analizadas as propostas, a Mesa de Contratación por unanimidade acorda outorgar as seguintes puntuacións:

1. CALIDADE DO PROGRAMA PROPOSTO (ata 10 ptos):

Maior interese e diversidade dos lugares a visitar e das actividade propostas (ata 3 ptos)

- HALCÓN VIAJES: as propostas para os días de desprazamentos de ida e volta resultan axeitados, así como os contidos das visitas culturais: 3 ptos.
- AVORIS RETAIL DIVISION SL.: as propostas para os días de desprazamentos de ida e volta resultan axeitados, se ben deixa sen cobertura os xantares de ambos días. Os contidos de tipo cultural para catro días, inclúen unha xornada completa na que só se propón unha visita panorámica. A pesar de que o programa inclúe un día máis de estancia, este non redonda na mellora do contido, xa que deixa o día enteiro libre, sen contido: 1 pto.
- NAUTALIA VIAJES: as propostas para os días de desprazamentos de ida e volta resultan as menos axeitadas, xa que é a que máis tarde chega a destino e a que máis cedo regresa, neste caso con 9 horas de diferenza. Os contidos de tipo cultural para catro días, inclúen unha mañá cunha visita recortada respecto dos outros candidatos (barrio xudeo): 1 pto.

Inclusión de propostas para a visita a lugares de interese que requiran o pago de entrada (ata 2 ptos):

- HALCÓN VIAJES: propón unha visita con entrada de pago: 1 pto.
- AVORIS RETAIL DIVISION SL.: non propón visitas a lugares con entrada de pago: 0 ptos.
- NAUTALIA VIAJES: propón tres visitas a lugares con entrada de pago: 2 ptos.

Inclusión da figura de guía turístico (ata 2 ptos):

- HALCÓN VIAJES: inclúe guías nas visitas propostas: 2 ptos.
- AVORIS RETAIL DIVISION SL.: inclúe guías nas visitas propostas: 2 ptos.
- NAUTALIA VIAJES: inclúe guías nas visitas propostas: 2 ptos.

Inclusión de visitas/actividades que se distinguan especialmente (ata 3 ptos):

- HALCÓN VIAJES: inclúe unha actividade con especial distinción turística (visita a fábrica de cervexa): 3 ptos.
- AVORIS RETAIL DIVISION SL.: non inclúe actividades de especial distinción: 0 ptos.
- NAUTALIA VIAJES: non inclúe actividades de especial distinción: 0 ptos.

PUNTUCIÓNS TOTAIS PARA A CALIDADE DO PROGRAMA PROPOSTO:

- HALCÓN VIAJES: 9 ptos.
- AVORIS RETAIL DIVISION SL.: 3 ptos.
- NAUTALIA VIAJES: 5 ptos.

2. INTENSIDADE: maior cobertura do programa de actividades proposto (ata 5 ptos):

- HALCÓN VIAJES: para un programa de 5 días, deixa libres dúas tardes, se ben ocupa a derradeira noite de estancia cunha actividade extra: 5 ptos.
- AVORIS RETAIL DIVISION SL.: a pesares de que propón un programa de 6 días, deixa libres dúas tardes (como o resto de candidatos), máis un día completo. Constitúe a menor cobertura de programa: 2 ptos.
- NAUTALIA VIAJES: para un programa de 5 días, deixa libres dúas tardes: 3 ptos.

3. CALIDADE DOS ESTABLECEMENTO HOTELEIRO (ata 10 ptos):

- HALCÓN VIAJES: a proposta supón a maior categoría dos establecementos presentados (4*); oferta almorzos bufet no propio hotel; ofrece servizo de ceas no propio hotel; cubre o 100% dos xantares e ceas do programa: 10 ptos.
- AVORIS RETAIL DIVISION SL.: categoría inferior (3*); non se fai mención ao tipo de almorzos; non ofrece servizo de cenas (propóñense fóra do establecemento); non cubre os xantares dos días de desprazamento (requisito recollido no pto. 2 das prescricións técnicas): 3 ptos.
- NAUTALIA VIAJES: categoría inferior (3*); non se fai mención ao tipo de almorzos; ofrece servizo de cenas no propio hotel; non cubre os xantares dos días de desprazamento (requisito recollido no pto. 2 das prescricións técnicas): 5 ptos.

PUNTUCIÓN TOTAL DOS CRITERIOS QUE DEPENDEN DE XUIZO DE VALOR:

EMPRESA	CALIDADE DO PROGRAMA	INTENSIDADE DO PROGRAMA	CALIDADE HOTELEIRA	TOTAL PUNTUACIÓN

HALCÓN VIAJES	9	5	10	24
AVORIS RETAIL DIVISION SL.	3	2	3	8
NAUTALIA VIAJES	5	3	5	13

Remata o acto sendo as 12,30 horas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretaria, certifico.